

Boas a todos e a todas!

En primeiro lugar darvos as felicitacións a tod@s por eses carteis espectaculares que fixestes na casa, quedaron moi moi ben!

A seguinte proposta que vos fago sería para realizar durante a próxima quincena.

Consistirá en:

1. - Crear unha caixa de teatro co material de refugallo que poidades ter pola casa.

Para construíla podedes empregar como base unha caixa de cartón, unha caixa de madeira, ou simplemente unha cartolina ou anaco de cartón grande.

Para decorar, podedes facer uso de todo tipo de material: folios de cores, papel de agasallo, pegatinas, xornais, revistas...

Deixo aquí unhas capturas de exemplo para que poidades inspirarvos.



2- Crear unha pequena obra de teatro elaborando os monicreques que precisades e a escenografía apropiada para o seu desenvolvemento. A temática é totalmente libre.



3- Para rematar podedes facer un vídeo do resultado e compartilo connigo.

Podedes empregar música de fondo para ambientar a obra.

Moito ánimo e a desfrutar!